

A continuación infórmase dos acordos da reunión en sesión ordinaria do Consello de Goberno, que tivo lugar o día 03 de abril de 2024 na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo e na Sala Manolo Ramos, que poden ser do seu interese:

- * Aprobación da acta correspondente á sesión ordinaria do 28 de febreiro de 2024.
- * Aprobación da convocatoria de eleccións de representantes de estudantes no Claustro Universitario.
- * Aprobación das normas de elaboración do POD para o curso 2024/2025.
- * Aprobación da Normativa reguladora dos concursos de acceso aos corpos docentes universitarios e ás categorías de profesorado permanente laboral e profesorado axudante doutor na Universidade de Vigo.
- * Aprobación da modificación puntual da normativa de actividades titoriais.
- * Aprobación da modificación puntual do manual DOCENTIA.
- * Aprobación do acordo das universidades públicas do sistema universitario de Galicia sobre os procedementos de admisión aos estudos universitarios oficiais de grao para o curso 2024/2025.
- * Aprobación da modificación do Regulamento da Comisión de Política Lingüística da Universidade de Vigo.
- * Elección dunha representante na Comisións de Planificación e AA.EE, delegada de Consello de Goberno, polo sector PDI:
 - Carmen Ruiz Hidalgo.

A secretaria xeral

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación da presente resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.